

Autor: **CHEMA HERAS**  
Ilustrador: **KIKO DASILVA**

Encadernado en cartonné. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis". Demademora. ISBN 978-84-8464-612-9
- Castelán: "Cuando a Matías le entraron ganas de hacer pis en la noche de Reyes". Libros para soñar. ISBN 978-84-8464-611-2
- Catalán: "En Martinet tenia ganas de fer pipí la nit de Reis" Kalandraka. ISBN 978-84-8464-016-5

Prezo: 13 €



## CANDO MARTIÑO TIVO GANAS DE MEXAR NA NOITE DE REIS

- Os Reis non entran nas casas dos nenos que non estan durmidos! -espetoulle o pai.
- Entón voume deitar cedo –aceptou o cativo.
- ...No medio e medio da noite, Martiño espertou coas ganas de mexar...

"Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis" é un atípico conto de Nadal, que nos amosa a particular visión dun neno sobre ese acontecemento tan especial. A narración, chea de enxeño e humor, desvela a inxenuidade e a complexidade do máxim infantil. As ilustracións gozan de moita expresividade e fan deste conto un dos preferidos nas bibliotecas dos nenos. "Cando Martiño..." chega de novo polo Nadal aos fogares galegos para facer sorrir a cativos e grandes, para que gocen da ledicia e da ilusión que destila cada páxina.

### **CHEMA HERAS (Ávila, 1957)**

É profesor de inglés en Cambados (Pontevedra) e pertence ao consello editorial de FAKTORÍA K DE LIBROS. Editou un libro de poemas, "Nido de amor e cuna" (edición de autor, 1982) e a colección de contos titulada "Bulebule" para o ámbito educativo, destinada á ensinanza da lectura en galego.

Durante a súa estada en Australia escribiu varios libros editados polo Departamento de Educación de Nova Gales do Sur. En 1990 publicou en Sotelo Blanco a obra "A fuxida dos Nenos". Tamén é autor de "Avós" (Premio Libreter 2003), editado en galego, castelán, catalán, euskera e portugués por KALANDRAKA e traducido a outros idiomas. Ademais, é tradutor de títulos como "Las aventuras de Pinocho", na mesma editorial.

- **Temática:** conto de Nadal
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** humor; os colores; canción a modo de retrouso (repetición); as tradicións do Nadal: os agasallos para quen se portou ben e carbón para os desobedientes; os soños, a ilusión

### **KIKO DASILVA (Vigo, 1979)**

Artista plástico e humorista gráfico formado na facultade de Belas Artes de Pontevedra, onde se licenciou na especialidade de Pintura. Comezou a súa traxectoria en fanzines como 'Nicasso' e 'Nova Línea'. Director e creador das revistas de banda deseñada 'BD Banda' (premio ao mellor fanzine do Salón do Cómico de Barcelona) e 'Retranca'.

É autor dos álbums titulados "Fiz" (FAKTORÍA K) e "Moncho e a mancha" (KALANDRAKA). Tamén ilustrou "A memoria das árbores", "Rato de campo e rato de cidade" e "Sar, Sarela e os monstros de Compostela", editados por KALANDRAKA.

Traballa para as revista 'Mister K' e 'El Jueves', nas que ten as series de banda deseñada tituladas 'Clases con guasa' e 'Turisteo'. Participou en obras colectivas como 'H2Oil', sobre a catástrofe do Prestige. Recibiu, entre outros galardóns, o Primeiro Premio de Cómico de Ourense (1996), o Premio Internacional de Humor Gráfico de Porto (Portugal) e o segundo Premio Nacional de Humor Gráfico J&B (2000).

